

3º PLAN DE IGUALDADE
de OPORTUNIDADES de MULLERES e HOMES do
CONCELLO DE TOMIÑO
2017-2020

Avalia grupo de coordinación
31 de Agosto 2017

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO NORMATIVO	4
3. PROCESO DE ELABORACIÓN	9
4. ESTRUCTURA DO 3º PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.....	11
5. ÁREAS ESTRATÉXICAS DE INTERVENCIÓN.....	12
1. Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades	
2. Área Estratéxica de Emprego e Conciliación	
3. Área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista	
6. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO.....	20
6.1. Indicadores de avaliación e Departamentos implicados.	
7. ORZAMENTO ECONÓMICO ESTIMADO.....	29
8. ANEXO.....	30

1. INTRODUCCIÓN

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño ten como finalidade, establecer as liñas de intervención que van orientar a actuación municipal en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes no período 2017-2020.

O proceso de elaboración deste 3º Plan de Igualdade está fundamentado nun estudo de aproximación á realidade social, realizado a través do *Diagnóstico sociodemográfico das mulleres e homes de Tomiño*, onde se amosa a situación diferencial de mulleres e homes da localidade, visibilizando as “fendas de xénero” existentes en diversos ámbitos sociais. Basease tamén nas achegas do persoal técnico, ONGs, axentes sociais e da comunidade...etc, que participaron activamente na elaboración do mesmo, explicitando as necesidades, atrancos e dificultades coas que se atopan as mulleres tomiñesas. Polo tanto, as medidas establecidas neste documento dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar as discriminacións existentes, proceden da análise dos datos proporcionados por ditas fontes.

Tendo en conta que, as políticas públicas municipais son indudablemente as máis cercanas á cidadanía e ao tecido económico e social, a administración local presentase como un dos ámbitos máis adecuados para a integración da igualdade de oportunidades de mulleres e homes. Neste sentido, o Concello de Tomiño concibe este 3º Plan de Igualdade de Oportunidades como un instrumento estratéxico que permita seguir avanzando na conquista da igualdade de oportunidades, impulsando unha transformación social que elimine os estereotipos e prexuízos sexistas e proporcione as mesmas oportunidades a mulleres e homes garantindo un trato igualitario a toda a cidadanía

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes está organizado en tres Áreas Estratéxicas de Intervención que resultan fundamentais para avanzar cara a igualdade: **Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades**; **Área Estratéxica de Emprego e Conciliación** e **Área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista**

2. MARCO NORMATIVO

O principio de Igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes é un dereito recoñecido a nivel internacional, europeo, nacional e autonómico, e un dos piares básicos do sistema democrático. O desenvolvemento deste marco normativo e xurídico permitiu o conseguinte desenvolvemento das políticas de igualdade, tendo como obxectivo a consecución real da igualdade entre mulleres e homes.

Neste sentido, o Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño responde ao mandato establecido na lexislación que a nivel internacional, europeo, nacional e autonómico.

A nivel internacional, a Organización de Nacións Unidas (ONU) xogou un papel fundamental na loita polo recoñecemento universal dos dereitos das mulleres, e pola integración da igualdade de oportunidades na axenda política internacional, establecendo un marco normativo e xurídico que ampara e respalda as políticas de igualdade:

- A **Carta Fundacional das Nacións Unidas** (1945) que recolle como un dos tres grandes obxectivos “definir e protexer os dereitos e liberdades de todo ser humano, sin distinción de raza, sexo, idioma e relixión”.
- Comisión Social e Xurídica da Muller creada en 1956 creada para “preparar recomendacións e informes para o Consello Económico e Social relativos á promoción dos dereitos da muller nos sectores políticos, económicos, civís, sociais e educativos”.
- A **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** pola ONU (1948), onde se proclama “a igualdade de dereitos de homes e mulleres”. Recolle o principio de non discriminación “toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados por esta Declaración, sin distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”.
- **Convención sobre os dereitos políticos da muller** (1.954); **A Convención sobre a eliminación de todas formas de discriminación contra a muller** (CEDAW) aprobada en 1979, nela se recolle os principios aceptados internacionalmente sobre dereitos das mulleres e faise unha definición da discriminación en todas as súas formas e prácticas. Este documento será básico na normativa en materia de igualdade xa que crea o marco legal que instituirá as accións positivas.
- **A División para o Progreso da Muller** constituída en 1988 como axente clave para aplicar a integración das políticas de igualdade e a perspectiva de xénero en todos os ámbitos.
- Na **Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller** (1.993) expónse detalladamente as normas internacionais sobre a violencia contra as mulleres. Implica un consenso internacional sobre a obriga dos Estados de eliminar a violencia contra as mulleres.

- As **Conferencias Mundiais das Mulleres** que permitiron coñecer e comprender como se reproduce a desigualdade en diferentes contextos xeográficos e en diversos ámbitos da vida. Estas conferencias marcaron nos últimos 30 anos as liñas prioritarias de traballo e contribuíron a situar as políticas de igualdade entre mulleres e homes no centro da política.

I Conferencia Mundial sobre a Condición Xurídica e Social da Muller- México (1975); II Conferencia Mundial sobre a Condición Xurídica e Social da Muller- Copenhague (1980); III Conferencia Mundial sobre a Condición Xurídica e Social da Muller- Nairobi (1985); Declaración de Beijing e Plataforma para a Acción da IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres das Nacións Unidas (Beijing 1995), esta Conferencia sería de especial relevancia porque dela saen dúas estratexias fundamentais para o desenvolvemento das políticas de igualdade: o empoderamento e a o mainstreaming. As posteriores sesións **Beijing + 5** (Nueva York 2000), **Beijing +10** (Nueva York 2005), y **Beijing +15** (Nueva York 2010).

A nivel europeo aprobouse diversa documentación: directivas, decisións, resolucións e recomendacións que xunto coa xurisprudencia do Tribunal de Xusticia das Comunidades Europeas foron definindo a política europea en materia de igualdade.

- **Tratado de Roma (1957)** que introduce no artigo 119 o principio de igual remuneración para mulleres e homes por un traballo de igual valor.
 - **O Tratado de Maastrich (1993)** onde se recoñece a implantación de medidas de acción positivas para as mulleres, mediante a adopción de “medidas que prevean ventaxas destinadas a facilitar ás mulleres o exercicio das actividades profesionais ou evitar ou compensar algún impedimento nas súas carreiras profesionais”..
 - **O Tratado de Ámsterdam (1997)** que introduce unha nova base xurídica para as medidas relativas á igualdade entre mulleres e homes no que respecta ás oportunidades no mercado laboral e ao trato no traballo. Será especialmente importante porque establece o marco de xurisprudencia para aplicar estas medidas, dando lexitimidade as accións positivas que se mantiveron na xurisprudencia comunitaria
- Aprobáronse numerosas **Directivas europeas** que se pronunciaron sobre este tema, neste sentido tamén se levaron a cabo unha serie de Programas de Acción Comunitaria baseados na igualdade de resultados e na adopción da acción positiva como estratexia para combatir a desigualdade.
- **Directiva 75/117, de 10 de febrero** que ten como obxectivo unificar a lexislación dos Estados membros, insistindo na aplicación do principio de igual retribución para mulleres e homes no emprego, eliminando as discriminacións por razón de sexo para establecer as condicións salariais.
 - **Directiva 76/207, de 9 de febrero** que establece el principio de igualdade de trato no acceso ao emprego e nas condicións laborais.

- **Directiva 79/7, de 19 de outubro** sobre a aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de Seguridade Social.
- A **Directiva 96/34, de 3 de xuno** relativa ao permiso parental.
- **Directiva 97/80, de 15 de decembro** que aborda as situacións de discriminación por razón de sexo.
- A **Directiva 2002/73, de 23 de setembro** que define a discriminación directa e indirecta, o acoso e o acoso sexual como causas de discriminación.
- Directiva 2006/54, de 5 de xullo, que trata sobre a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación e aborda tamén as accións positivas.
- **Resolución do Consello de 12-VII-82** relativa á promoción da igualdade de Oportunidades para as mulleres.
- **Recomendación do Consello 13-XII-84** sobre a promoción das accións positivas á favor das mulleres.
- **I Programa de Acción Comunitaria** (1982-1985) centrouse en articular unha lexislación adecuada en igualdade de trato e na promoción de medidas de acción positiva, sobre todo no ámbito da formación e o emprego.
- **II Programa de Acción Comunitaria** (1986-1990) continúa coas iniciativas propostas no anterior plan e ten como obxectivos a promoción do emprego feminino e o reparto máis equitativo das responsabilidades sociais, laborais e familiares.
- **III Programa de Acción Comunitaria** (1991-1995) ten como un dos seus obxectivos centrais subrayar e destacar a participación das mulleres na vida económica e social, incidindo na mellora das condicións laborais das mulleres.
- **IV Programa de Acción Comunitaria** (1996-2000) establece que, seguindo as recomendacións de Beiking, o principio de igualdade entre mulleres e homes debe incorporarse á axenda de todas as políticas e todas as accións (mainstreaming).
- **V Programa de Acción Comunitaria** (2001-2006) ten como obxectivo promover a igualdade entre mulleres e homes a través da asistencia e apoio á estratexia marco comunitaria. Coordina, apoia e financia a aplicación de proxectos transnacionais.
- **Plan de Traballo para a igualdade entre mulleres e homes (2006-2010)** que define 6 áreas prioritarias de acción. Como produto deste Plan de Traballo xorde a **Estratexia Marco Comunitaria sobre a igualdade entre mulleres e homes (2010-2015)** e que marca como obxectivos fomentar a independencia económica das mulleres, acadar un salario igual, a igualdade na toma de decisións, o fin da violencia sexista e a igualdade na acción exterior.

A **nivel estatal** atopamos tamén diversa normativa relativa á igualdade entre mulleres e homes:

- A **Constitución Española** no seu *artigo 14* establece que “Os españois son iguais ante a lei sin que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.
- No *Artigo 9.2* menciona que “corres ponde aos poderes públicos promover as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.
- **Estatuto dos Traballadores** que establece o principio de non discriminación por razón de sexo nas relacións laborais, así como a igualdade de remuneracións e outras.
- A **Lei 39/1999, de 5 de novembro dirixida a promover a conciliación da vida familiar e laboral** das persoas traballadoras. Para elo, introduce cambios lexislativos destinados á ampliación de permisos e excedencias relacionadas coa maternidade, paternidade e o coidado da familia.
- A **Lei 30/2003 de 13 de outubro de medidas para incorporar a valoración de impacto de xénero** nas disposicións normativa que elabore o goberno. Nela establece que os proxectos de lei e as disposicións reglamentarias deberán ir acompañadas dun informe onde se estudiara o impacto de xénero.
- **Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de xénero**, que complementa a lei anterior 27/2003 de 31 de xullo que regulaba a Orde de Protección ás vítimas de violencia doméstica. Contén un marco máis amplo ao ser unha lei integral que loita contra a violencia de xénero.
- **Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes** supuxo un avance nesta materia e establece como premisas que a igualdade entre mulleres e homes é “un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos”. Recoñece a igualdade formal ante a lei como aspecto básico que necesita ser completado mediante unha normativa “*dirixida a combatir todas as manifestacións aínda de discriminación tanto directa como indirecta, por razón de sexo e a promover a igualdade real entre mulleres e homes, removendo os obstáculos e estereotipos sociais que impiden acadala*”. No artigo 21.1 indica que “*as entidades locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións Públicas*”.

A normativa relativa á **Comunidade Autónoma galega** recóllese no:

- **Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece no Capítulo VIII sobre colaboración autonómica coas corporacións locais: *“Todos os plans e programas autonómicos sobre igualdade dos xénero se executarán buscando a colaboración nos termos convenientes con cada concello e para estes efectos habilitaranse as subvencións e transferencias necesarias”*.
- **A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a Prevención e o tratamento Integral da Violencia de Xénero**, que pretende dotar aos poderes públicos e a sociedade galega dun instrumento acaído para prever, tratar e erradicar a violencia de xénero coa finalidade de conseguir unha verdadeira realización do principio de igualdade.
- **VI Plan de Igualdade Galego para a Igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015**, establece no Eixe 1 de Mellora da Gobernanza a favor da igualdade, *“impulsar as políticas de igualdade e a transversalidade de xénero no eido local, cunha atención especial á formación dos seus recursos humanos e a creación de novos espazos de interacción e experiencias”*.
- **A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia** que establece no artigo 72 os Planes de igualdade e os dereitos específicos da empregadas públicas vítimas de violencia de xénero. *“As administracións públicas están obrigadas a respetar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, deben adoptar medidas dirixida a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes”*.

Tendo en conta a normativa existente, o Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades de Homes de Tomiño formúlase como o marco de actuación municipal que contén estratexias dirixidas a facer real e efectiva a igualdade de mullere e homes nos diversos ámbitos, tendo como finalidade xerar un cambio de carácter social, que elimine as desigualdades que se producen no contexto máis próximo para contribuír a mellorar a situación social da poboación tomiñesa.

3. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

A elaboración do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño é o resultado dun proceso continuo de indagación e análise que tivo como finalidade a obtención de información a través de diversas fontes (cuantitativas e cualitativas) que nos proporcionaron un coñecemento da realidade da poboación deste Concello. Este proceso de elaboración foi desenvolvido en cinco fases que presentamos a continuación:

A **primeira fase** centrouse no estudo documental de diversos materiais relacionados coa igualdade de oportunidades e de datos procedentes de memorias, documentos de traballo, programas...etc, que nos ofreceron información sobre as políticas de igualdade desenvolvidas polo Concello.

Na **segunda fase**, e unha vez recompilada a información anterior, elaborase un documento que contén unha análise valorativa das políticas de igualdade de oportunidades do Concello nos últimos anos. Dito documento ofrecenos unha visión das accións realizadas coas mulleres e homes do municipio co obxectivo de acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e eliminar as desigualdades e discriminacións por razón de sexo.

A continuación, na **terceira fase** recollese información procedente de *fontes primarias*, para elo, articulase a participación dos departamentos municipais e das e dos axentes sociais e comunitarios da zona a través de reunións e entrevistas coa finalidade de recoller as achegas sobre a problemática, necesidades, experiencias e prioridades que desde o traballo diario detectan na localidade, para deste xeito, elaborar un marco estratéxico de intervención realista, que permitira implantar na localidade medidas dirixidas a eliminar as desigualdades existentes e a prevención e eliminación das violencias machistas. Efectuaronse dúas reunións co departamento de Servizos Sociais, na primeira, realizada o 05/05/2017 no Edificio de Servizos Sociais participan: Coordinadora de Traballo Social, Traballadora Social, Orientadora Laboral, Educadora Familiar e unha técnica de Avalia. Na segunda, efectuada o día 08/05/2017 no Edificio de Servizos Sociais participan: a Técnica da OMIX, a Técnica de Educación, avogada do Servizo de Asesoramento Xurídico e Técnica de Avalia.

Contactase tamén con diferentes axentes sociais da localidade (Movemento asociativo, ONGs, Asociacións de Mulleres, Centro de Saúde, ACUBAN e ADETO e Asociación de Praceiros/as e Grupos políticos, solicitando a súa colaboración e/ou participación nas reunións e entrevistas convocadas para coñecer a súa visión da problemática existente nesta materia e as achegas e suxestións formuladas.


Desenvolveronse tres reunións, na primeira organizada o día 22/05/2017 na Casa da Cultura participan representantes da Asociación de Mulleres Adavas, da Fundación Erguete, da ANPA do CEIP de Sobrada e dúas técnicas de Avalia. Na segunda, celebrada o día 19/05/2017 participan representantes dos Centros Educativos: CEIP de Pintor Antonio Fernández, CEIP de Barrantes, CEIP de Sobrada, CEIP de Tebra e IES Antón Alonso Ríos, a Avogada do Servizo de Asesoramento Xurídico e unha Técnica de Avalia. A terceira reunión realízase o día 19/05/2017, e nela participan o Sarxento da Garda Civil, a Avogada do Servizo de Asesoramento Xurídico e unha Técnica de Avalia.

Paralelamente, tanto a Mesa de ANPAS dos Centros Educativos de Tomiño como a avogada do Servizo de Atención Xurídica envían as súas achegas a través de correo electrónico.

A **cuarta fase** centrouse na elaboración do *Diagnóstico Sociodemográfico de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño* a partir de *datos secundarios* extraídos do Instituto Galego de Estatística, do Instituto Galego de Estatística, do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, da Seguridade Social...etc, así como da información extraída das reunións e/ou entrevistas con diversos departamentos municipais e as e os axentes sociais clave no territorio. O Diagnóstico tivo como obxectivo fundamental obter un panorama xeral da situación diferencial de mulleres e homes da localidade que nos permitira intervir desde criterios adecuados á realidade do territorio.

A **quinta fase** consiste na elaboración definitiva do documento final do *3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Tomiño 2017-2020* realizado a partir da información extraída e da análise e reflexión das fases anteriores.

4. ESTRUCTURA DE ELABORACIÓN DO 3º PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES



5. ÁREAS ESTRATÉXICAS DE INTERVENCIÓN

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Tomiño está estruturado en tres áreas estratéxicas de intervención:

Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades ten como obxectivo xeral fomentar un cambio de valores e modelos de socialización que permita eliminar as desigualdades existentes e unha participación social que garanta a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes. Para acometer este obxectivo estableceronse 4 obxectivos específicos e 22 accións dirixidas a difundir o Plan de Igualdade entre as e os axentes sociais e departamentos municipais; a promover a sensibilización e concienciación social de diversos colectivos profesionais e da cidadanía en xeral sobre o significado da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a incorporación progresiva da perspectiva de xénero en diversos departamentos municipais. Contemplase tamén, proporcionar apoio ao movemento asociativo de mulleres e a súa participación no tecido asociativo local.

A Área Estratéxica de Emprego e Conciliación establece como obxectivo xeral fomentar a participación equilibrada de mulleres e homes no eido laboral a través de medidas que faciliten a inserción laboral das mulleres. Para acadalo, determina 3 obxectivos específicos dirixidos a reducir os obstáculos que impiden e/ou dificultan a inserción laboral das mulleres de Tomiño, a través da introducción do enfoque de xénero na formación para o emprego e a orientación laboral. Neste sentido, estipula 10 accións dirixidas a incluír o enfoque de xénero na formación para o emprego e na orientación laboral; a sensibilizar ao empresariado da zona sobre a situación sociolaboral das mulleres e potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que favorezan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar de mulleres e homes.

Área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista ten como obxectivo xeral concienciar á poboación sobre as violencias machistas como expresión máxima da desigualdade entre mulleres e homes, ofrecendo ás mulleres vítimas unha atención integral. Neste sentido, 2 son os obxectivos específicos fixados, dos que se derivan 10 accións a desenvolver dirixidas á consolidación e mellora da atención ás mulleres vítimas a través da Oficina de Igualdade, a fomentar a sensibilización social da cidadanía de Tomiño en xeral e de colectivos específicos en particular sobre o rexeitamento das violencias machistas.

1. ÁREA ESTRATÉGICA DE SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

OBXECTIVO XERAL

Fomentar un cambio de valores e modelos de socialización que permita eliminar as desigualdades existentes e unha participación social que garanta a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.

Obxectivos específicos	Accións	Temporalización			
		2017	2018	2019	2010
1.1. Desenvolver un sistema de difusión do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes que facilite a comunicación entre a Oficina de Igualdade e os e as axentes sociais e comunitarias implicadas no mesmo.	1.1.1. Difusión, a través de medios telemáticos, do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Tomiño entre os departamentos municipais e axentes sociais e comunitarias da localidade.	x			
	1.1.2. Inclusión na páxina web do Concello dun espazo específico que visibilice a Oficina de Igualdade Municipal onde se difundan os recursos existentes, e as actividades organizadas relacionadas coa igualdade de xénero e a prevención das violencias machistas.		x		
	1.1.3. Inclusión no espazo web da Oficina de Igualdade do documento relativo a este 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes que permita ser consultado polo persoal municipal e a poboación en xeral.		x		
1.2. Promover a sensibilización e a concienciación social de diversos colectivos profesionais e da cidadanía en xeral sobre o significado da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	1.2.1. Desenvolvemento de actividades formativas sobre xénero e igualdade de oportunidades dirixidas ao profesorado que intervéñen no eido educativo, tanto na educación formal como informal, facendo fincapé no seu labor que como axentes de socialización teñen na transformación das desigualdades de xénero.		x	x	x
	1.2.2. Organización de accións formativas sobre “Xénero e igualdade de oportunidades” dirixidas ao voluntariado que intervéñen nos programas e actividades municipais co obxectivo de integrar a perspectiva de xénero no traballo que desenvolven.		x	x	x
	1.2.3. Desenvolvemento dun obradoiro anual de educación afectivo sexual, dirixido ao alumnado e mozas e mozos da localidade, que respecten a diversidade de identidades sexuais coa finalidade de eliminar os sesgos de xénero existentes, fomentar a reflexión sobre as condutas e comportamentos sexistas e de control que se producen.		x	x	x

	1.2.4. Realización de actividades lúdicas que fomenten a igualdade de oportunidades entre mozas e mozos e que contribúan a contrarrestar as mensaxes sexistas lanzadas desde os medios de comunicación coa finalidade de construír relacións máis igualitarias entre a poboación adolescente.		x		x
	1.2.5. Proxección de películas libres de estereotipos de xénero nas programacións de cine infantil que se desenvolvan desde o concello, coa finalidade de eliminar das películas dirixidas á poboación infantil, mensaxes sexistas cargadas de estereotipos de xénero que constrúen e condicionan a personalidade adulta.		x	x	x
	1.2.6. Continuidade na conmemoración do 8 de Marzo "Día Internacional das Mulleres" a través de actividades de sensibilización e promoción da Igualdade de Oportunidades.		x	x	x
	1.2.7. Realización de actividades de sensibilización dirixidas ás mulleres da localidade onde se traballen aspectos relacionados coa comunicación, a asertividade e empatía coa finalidade de reflexionar e tomar conciencia sobre as relacións estereotipadas de parella e as desigualdades que orixinan.		x		x
	1.2.8. Inclusión de actividades de animación á lectura desde a perspectiva de xénero e feminista de cara á construción da futura Biblioteca Pública.			x	x
	1.2.10. Organización dun obradoiro de Autoestima e crecemento persoal dirixido a fomentar o empoderamento das mulleres da localidade.		x	x	x
	1.2.11. Introducción, desde os Servizos Sociais municipais, de incentivos dirixidos ás nais e pais que perciben axudas sociais para que participen na Escola de Nais e Pais.		x		
1.3. Promover a progresiva incorporación da perspectiva de xénero nas actividades desenvolvidas por diferentes Departamentos municipais.	1.3.1. Promoción progresiva da inclusión da variable sexo nas bases de datos, estatísticas e memorias realizadas polo Concello, a fin de garantir unha análise da poboación municipal desagregada por sexo.		x		
	1.3.2. Aplicación da perspectiva de xénero no proxecto "É Aprender", proporcionando formación en xénero e igualdade de oportunidades ao persoal que participa na formación e coordinación do mesmo.		x	x	x
	1.3.3. Introducción de contidos de xénero e igualdade de Oportunidades na Semana de Educación que se desenvolve anualmente na localidade.		x	x	x

	1.3.4. Implantación e posta en marcha da Escola de Nais e Pais como espazo de información, formación, reflexión e intercambio de experiencias das familias da localidade.		x		
	1.3.5. Realización dunha actividade formativa sobre xénero e igualdade dirixida ao persoal dos departamentos municipais que proporcione información sobre as principais “fendas de xénero” e os espazos sociais onde existe maior desigualdade entre mulleres e homes.		x		
	1.3.6. Organización de actividades dirixidas a fomentar a igualdade de xénero coa poboación máis nova en colaboración coa Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX).		x	x	x
	1.3.7. Colaboración entre a Oficina de Igualdade e outras áreas municipais (Servizos Sociais e Educación OMIX) a fin de realizar un traballo conxunto que fomenta a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.		x	x	x
1.4. Apoiar o movemento asociativo de mulleres e a súa participación no tecido asociativo local.	1.4.1. Impulso á creación dun movemento asociativo de mulleres que como axentes de cambio social promovan a súa conciencia como grupo e o seu empoderamento, propiciando a reflexión e o intercambio de ideas.		x		
	1.4.2. Creación do Consello Municipal da Muller como órgano de participación social que velará pola igualdade de oportunidades entre ambos sexos.		x		

2. ÁREA ESTRATÉXICA DE EMPREGO E CONCILIACIÓN

OBXECTIVO XERAL

Fomentar a participación equilibrada de mulleres e homes no eido laboral a través de medidas que faciliten a inserción laboral das mulleres.

Obxectivos específicos	Accións	Temporalización			
		2017	2018	2019	2010
2.1. Reducir os obstáculos que impiden e/ou dificultan a inserción laboral das mulleres de Tomiño.	2.1.1. Inclusión do enfoque de xénero nas accións de formación para o emprego e na orientación laboral desenvolvidas no ámbito da competencia municipal para facilitar e mellorar a inserción laboral das mulleres.		x	x	x
	2.1.2. Inclusión, en todos os programas e accións municipais dirixidas a fomentar o emprego e a inserción laboral de mulleres e homes, dunha formación ocupacional libre de estereotipos de xénero.		x	x	x
	2.1.3. Realización de obradoiros de habilidades sociais, persoais e de comunicación dirixidos a mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade coa finalidade de mellorar a súa inserción laboral e promover a súa autonomía.		x	x	x
2.2. Sensibilizar ao empresariado sobre a situación sociolaboral das mulleres da zona.	2.2.1. Posta en marcha de medidas de sensibilización dirixidas ao empresariado da zona para dar a coñecer as axudas e medidas existentes dirixidas a fomentar o emprego e a contratación feminina.		x		
	2.2.2. Difusión entre o empresariado do territorio das axudas e subvencións existentes dirixidas á elaboración e implantación de Planes de Igualdade nas empresas.			x	
2.3. Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que favorezan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar de mulleres e homes.	2.3.1. Colaboración coas ANPAS dos centros educativos da localidade na posta en marcha dun "Plan Madruga Local" que funcione cun horario matinal antes do inicio das clases, e un horario de mediodía nos casos onde existan comedores escolares e/ou actividades extraescolares.		x		
	2.3.2. Continuar desenvolvendo a oferta de deportes e campamentos de verán, como actividade lúdica que permite que nenas e nenos empreguen o seu tempo libre participando en actividades que promoven a corresponsabilidade, a cooperación, a educación en valores, fomentando unha convivencia igualitaria.		x	x	x
	2.3.3. Instar á Xunta de Galicia para que estableza un Punto de Atención de Traballo Social no Centro de Saúde da localidade coa finalidade de que a poboación deste Concello evite desprazarse sistemáticamente ata Tui.		x		

